

SESIÓN EXTRAORDINARIA DO PLENO DA CORPORACIÓN DO DÍA 10 DE XUÑO DE 2015

No salón de sesións da casa do Concello de Cambre, ás catorce horas do día dez de xuño de dous mil quince, baixo a presidencia do señor alcalde don Manuel Rivas Caridad, reúnese en sesión extraordinaria, en primeira convocatoria, a Corporación municipal en Pleno.

Asisten os señores concelleiros dona M^a Jesús González Roel, don Felipe Andreu Barallobre, dona Rocío Vila Díaz, don Fernando Caride Suárez, dona Marta M^a Vázquez Golpe e don Santiago Manuel Ríos Rama, do PP; don Augusto Rey Moreno, don José Manuel Lemos Seoane, dona Margarita Iglesias Pais, don Jesús Bao Bouzas e dona María Sanjurjo Cacheiro, do PSdeG-PSOE; don Óscar Alfonso García Patiño, dona Elisa Pestonit Barreiros e dona M^a Eugenia Mantiñán Méndez, de UniónxCambre; don Luis Miguel Taibo Casás e dona M^a Olga Santos López, de EU; dona M^a Victoria Amor Prieto e don Daniel Carballada Rodríguez, do BNG; e integrando o Grupo Mixto, don José Antonio Baamonde López, de Progresistas de Cambre e don Manuel Marante Gómez, do Partido Galeguista Demócrata.

Asisten don Francisco Javier Ulloa Arias, interventor, e dona M^a Luisa de la Red Ampudia, secretaria xeral da Corporación.

Aberto o acto pola presidencia, examinouse o asunto incluído na orde do día da convocatoria.

Aprobación, se procede, dos borradores das actas correspondentes á sesión ordinaria do día 26 de marzo de 2015, á sesión extraordinaria do día 27 de abril de 2015 e á sesión ordinaria do día 30 de abril de 2015

En aplicación do disposto no artigo 39.1 do Regulamento orgánico municipal respecto da aprobación das actas das últimas sesións, o señor presidente pregunta aos asistentes se desexan formular algunha observación aos borradores das actas correspondentes á sesión ordinaria do día 26 de marzo de 2015, á sesión extraordinaria do día 27 de abril de 2015 e á sesión ordinaria do día 30 de abril de 2015.

Non se formulan alegacións polo que a Corporación, por unanimidade dos concelleiros que están hoxe presentes e que asistiron ás citadas sesións, vinte concelleiros na sesión ordinaria do día 26 de marzo de 2015 (sete concelleiros do PP, cinco concelleiros do PSdeG-PSOE, dous concelleiros de UxC, dous concelleiros de EU, dous concelleiros do BNG, o concelleiro de PdeC e o concelleiro do PGD), dezasete concelleiros na sesión extraordinaria do día 27 de abril de 2015 (cinco concelleiros do PP, catro concelleiros do PSdeG-PSOE, dous concelleiros de UxC, dous concelleiros de EU, dous concelleiros do BNG, o concelleiro de PdeC e o concelleiro do PGD) e dezanove concelleiros na sesión ordinaria do día 30 de abril de 2015 (sete concelleiros do PP, catro concelleiros do PSdeG-PSOE, dous concelleiros de UxC, dous concelleiros de EU, dous concelleiros do BNG, o concelleiro de PdeC e o concelleiro do PGD) aproba os citados borradores.

O Sr. alcalde manifesta que, como se trataba deste único punto, non sabe se algún dos concelleiros quere facer uso da palabra, dado que esta non será a mesma Corporación que estea aquí a partir do sábado que vén, que será o pleno de investidura.

Concedida a palabra a don Augusto Rey Moreno, voceiro do PSdeG-PSOE, manifesta que neste último pleno da lexislatura, agradece o traballo de todos os compañeiros, tanto do seu grupo como evidentemente do resto de grupos que teñen conformado esta Corporación. Cre que dende as diferenzas teñen achegado solucións e propostas para que Cambre funcione mellor, para que Cambre e os veciños de Cambre vivan en mellores condicións, e nese sentido amósase orgulloso tanto do traballo do grupo socialista, como do traballo de toda a Corporación, de todo o resto dos grupos, que realizaron ao longo destes catro anos.

Dá moitas grazas dende o grupo municipal dos socialistas de Cambre, e tamén a título individual, e ponse a disposición de todos para o que poida ser de utilidade.

Concedida a palabra a don Manuel Marante Gómez, concelleiro do PGD e integrante do GM, en primeiro lugar felicita á nova Corporación e dilles que está disposto a facer calquera achega que necesite del a nova Corporación, iso dada a súa experiencia de vinte e oito anos neste concello, no que pasou por todas as fases, sexa gobernar en maioría absoluta, gobernar en minoría ou estar na oposición, así que calquera achega que necesite a nova Corporación, está a disposición de todos os grupos, de todo o que queira, para calquera achega que lles poida facer.

Agradece a todos o traballo que entre todos foron facendo, durante estes catro anos esta Corporación, e tamén durante os vinte e oito anos que botou neste concello, para el foi unha experiencia positiva persoalmente e socialmente. Di que el aquí nunca veu buscar nada máis que intentar traballar, con lealdade aos veciños e aos propios compañeiros, tanto que foran do Goberno como da oposición, sempre traballou con lealdade a todos. E di que iso é o que lle pide tamén á vindeira Corporación, que traballe con lealdade aos veciños. Conclúe dando moitas grazas.

Concedida a palabra a don Óscar Alfonso García Patiño, voceiro de UxC, deséxalle sorte a todos aqueles e aquelas que xa non van estar na vindeira Corporación, e sabe que nalgún caso vai ser un ata logo, non vai ser un adeus. Desexa sorte a todos.

Concedida a palabra a don José Antonio Baamonde López, concelleiro de PdeC e integrante do GM, dá as grazas a todas as persoas que o teñen axudado, que o apoiaron, que colaboraron con el no transcurso destes anos. Agradece o traballo e a disposición que sempre tiveron con el os funcionarios e persoal desta casa, deste concello.

Di que se alegra de ter achegado o seu gran de area para que Cambre crecera, fora mellor, para el é un orgullo. Quere dicir tamén que despois destes doce anos vaise coa conciencia moi tranquila, por ter feito en cada momento o que cría que debía facer.

Tampouco quere deixar pasar esta ocasión para felicitar ao novo Goberno, sexa quen sexa o novo alcalde, porque aínda non o sabe, non se saberá ata o día 13. Deséxalle o maior dos éxitos tanto ao alcalde, ao novo Goberno, como a toda a nova Corporación. Tamén felicita aos novos concelleiros que se van unir nesta lexislatura, di que aquí teñen un par de concelleiros electos, así que lles desexa moita sorte, moito ánimo, e dicirlles que, aínda que el xa non estará na Corporación, intentará seguir achegando o seu gran de area para que Cambre siga crescendo, e para o bo ou para o malo, agarda que para o bo, seguiranse vendo todos. Conclúe dando moitas grazas a todos.

Concedida a palabra a don Luis Miguel Taibo Casás, voceiro de EU, felicita en primeiro lugar aos concelleiros e concelleiras electas, deséxalles o mellor nesta nova andaina institucional, e que o Goberno que saia elixido o vindeiro sábado, que teña moita sorte. Así tamén ao vindeiro alcalde, tamén lle desexa moitísima sorte e que teña bo traballo. E aos concelleiros que como el mesmo abandonan a Corporación, o mellor para eles, porque di que no seu dicionario non existe a palabra rancor.

Di que quere agradecer tamén ao pobo de Cambre que lle facilitara estar estes últimos oito anos, representándoo, para el foi un grande orgullo. E tamén ás persoas desta casa que lle facilitaron o seu traballo, que o trataron con respecto e amabilidade.

E como non podía ser doutro xeito, agradécellelo aos compañeiros e compañeiras de EU, porque sen o seu traballo e a súa achega non sería posible o traballo que el desenvolveu neste concello. E dunha maneira moi especial á súa amiga e compañeira Olga, que para el foi a concelleira máis brillante e máis combativa nesta Corporación. Quere darlle as grazas polo seu traballo, e sobre todo moitísimas grazas polo seu exemplo.

Tamén quere dicir, unha vez máis, que se vai satisfeito do seu traballo, do seu esforzo, de contribuír a mellorar a calidade de vida dos veciños e veciñas de Cambre. El cre que ser un cargo público son etapas da vida, e para el chegou unha etapa na que decidiu non volver a presentarse. Como dixo antes marcha moi orgulloso, e dilles que seguirá como sempre, defendendo os seus principios, que é o que lles dá valor como persoas e cidadáns.

Conclúe dicindo que o seu desexo para Cambre é que teña o destino que se merecen todos os veciños e veciñas, e di que nada máis, saúde e república.

Concedida a palabra a don Daniel Carballada Rodríguez, concelleiro do BNG, manifesta que para el hoxe é un día especialmente triste porque, por fas ou por nefas, rómpese a relación de parella máis estable que tivo na súa vida, que foi coa súa compañeira Mariví. Di que nunca tivo un noivado tan prolongado, tan estable, e cre sinceramente que tan frutífero e tan ben habido, entre outras cousas porque modestamente así o xulgaron as urnas. Para el foi, dende logo, igual que para Mariví e para Alfredo, unha experiencia nova estar nesta Corporación, neste mandato, que foi en moitos aspectos francamente difícil, pero tamén francamente positivo.

Di que dá un saúdo, o teñen dito incluso publicamente, aos concelleiros que se van, aos de todos os grupos, e agora si, e porque non o dixeron publicamente no seu momento, ao amigo Baamonde, que se portou moi ben con eles, sempre, e hai que dicilo, a pesar de ser un pouco así, a verdade hai que dicir que con eles foi sempre moi amable, foi moi correcto e aínda que non logrou facelos a eles de comunión diaria, el cre que eles si o achegaron un pouco ao seu rego.

Polo tanto, di que moitas grazas, e que foi un pracer formar parte desta Corporación, e agarda que o sexa tamén formar parte da seguinte.

Concedida a palabra a don José Manuel Lemos Seoane, concelleiro do PSdeG-PSOE, manifesta que el coincide co que dixeron a maior parte dos seus compañeiros. El é un dos que se despide, era a primeira vez que formaba parte dunha Corporación municipal, e o primeiro quere darlle as grazas aos veciños e veciñas de Cambre, porque lle permitiron durante estes catro anos estar e representalos aquí no concello, porque para el foi algo moi importante, e gustaríalle que moitos veciños puideran ter esta experiencia, porque o considera algo moi importante.

Di que coincide co resto dos compañeiros nas en horas boas para os futuros compoñentes da nova Corporación. Quere dicir simplemente que todas as persoas, os seus compañeiros de agrupación e do grupo municipal socialista xa o saben, pero quere facelo extensible ao resto da Corporación que vai entrar, que se calquera cousa se necesita del, el estará aí.

E un pouco por romper tamén este momento tan doce, gustaríalle poñerlle xa uns deberes á nova Corporación, algo que despois de anunciarlles tantas veces na prensa cre que é necesario para o comercio de Cambre, que é o famoso aparcadoiro que a Corporación que sae, o equipo de goberno que sae, queda sen facer. Quedan moi bonitos eses cento e pico mil euros aí, pero é un tema que aínda está sen solucionar, e a el gustaríalle que iso, que é moi importante para o comercio de Cambre, se rematara nalgún momento. Conclúe dando as grazas.

Concedida a palabra a dona Margarita Iglesias Pais, concelleira do PSdeG-PSOE, manifesta que ela, para non redundar nos argumentos expresados por todos os compañeiros, simplemente quere agradecer a todos o trato que recibiu. Di que non vai seguir na vindeira Corporación e, polo tanto, agradécelle a todos o trato que recibiu

individualmente de cada un deles. Agradécelles o traballo que desempeñaron no Goberno e na oposición, con acertos e desacertos en cada un dos bandos, e deséxalles aos novos compoñentes da Corporación o maior dos éxitos na vindeira lexislatura.

Conclúe dicindo que para ela ten sido unha etapa enriquecedora, cre que ten crecido no persoal e no profesional, aprendeu como funciona un concello, cousa que descoñecía cando entrou por primeira vez, e alégrase de ter formado parte. Dálle moitas grazas a todos.

Toma a palabra o Sr. alcalde e di que el, como alcalde saínte, en funcións, primeiro quere dicirlles que para el foi de verdade unha satisfacción ter aterrado na política, porque conseguiu ver a administración por dentro, que nada se parece á vida do cidadán real. Di que intentaron cambiala, ben é verdade, en moitas cousas intentaron cambiala, e nalgunhas cousas o fixeron.

Dá as grazas, porque a pesar das diferenzas ideolóxicas que poida haber en cada un dos partidos políticos, foi unha satisfacción poder discutilas, ás veces aguerridamente, sobre todo con Olga, que tiveron moitos enfrontamentos, pero iso non quere dicir nada, porque detrás desa defensa dun partido político, detrás de calquera mandato ou de calquera concelleiro, hai persoas, e para el iso foi o máis importante, establecer esa conexión coas persoas, tratar con elas e chegar á realización dun proxecto. Que poidan estar de acordo ou non, discutilo catorce veces e, ás veces, incluso rachalo e dicir pois imos facelo como tiñamos pensado. El cre que todo o que se fixo e o que se fai aquí nesta Corporación é para axuda de todos os veciños de Cambre, para mellorar a súa vida, e agarda que a nova Corporación, a composición que foi elixida polos cidadáns, teña todos os éxitos.

Segue dicindo que el, loxicamente, con algún dos seus compañeiros que se quedarán aquí como concelleiros, ben sexa no Goberno ou ben sexa na oposición, seguirán facendo o seu traballo por mellorar a vida dos cidadáns de Cambre, porque el para iso foi para o que se presentou ás eleccións. Dálle as grazas a todos e agradece publicamente a todos os veciños que os apoiaron durante estes catro anos, e aos que non os apoiaron di que tamén, porque aínda que non os apoiaran eles tiñan a obriga de gobernar para todos, e iso é o que trataron de facer dende o primeiro día, tratar de solucionar os problemas de cada un dos veciños que viñan a expoñerlles os problemas que tiñan.

Conclúe desexando sorte aos que se van e di que o sábado veranse os que se quedan, e reitéralle as grazas a todos.

E non habendo máis asuntos que tratar, o señor presidente levantou a sesión cando son as catorce horas e quince minutos, do que eu, secretaria, certifico.

O presidente
Manuel Rivas Caridad

A secretaria xeral
M^a Luisa de la Red Ampudia